

Ola nenas e nenos! a verdade é que vos añoro. Faltame un pouco a vosa alegría pero xa queda menos. Ainda así o que non pode agardar e traballar un pouquiño. Vouvos poñer as tarefas semanais e vos, como xa tedes un horario feito de seguro, idesvos organizando.

LENGUA CASTELLANA

Algunos de vosotros/as ya tenéis hechas las páginas 135-137, lo que asististeis a clase el viernes. Pues los ejercicios de lengua serán. Libro de lengua paginas: 135-139. Además una de refuerzo que envío y sobre todo leer, si me queréis decir como os sentís (sin obligación) podéis hacerlo, a mi me encantaría. Id poco a poco, sin agobiarse...si no habíamos ido a clase el viernes y se nos ha acumulado mucho trabajo pues posponemos la ficha, sin problema.

CIENCIAS SOCIAIS

A pasada semana falabamos dos medios de comunicación, interpersoais e de masas. Nos dous podemos atopar publicidade, que usan moitos xeitos para chegar a nós e convencernos de comprar o seu produto (publicidade consumista) ou ben fomentar hábitos saudables, responsables ou concienciarnos sobre algo (publicidade educativa). Hai sempre que observarlos sabendo que non sempre precisamos o que nos queren vender, que eles queren que compremos pero nos temos a liberdade de elixir se facelo ou non.

Como seguro que estades vendo algo mais a tele poderedes ver que os anuncios case todos son de publicidade consumista.

Aquí vos poño un de publicidade educativa para que teñades un exemplo.

<https://www.youtube.com/watch?v=Kcm8ljH9nxw>

Agora contesta:

que tipo de publicidade é esta?



Que che parece se pensas, un slogan, unha frase u oración curta e interesante para conseguir que a xente...faga mais deporte, lea mais, escoite mais, o que tí queiras que penses que será mellor para a nosa sociedade. Fai un cartel de publicidade educativa (se queres). Consellos: pensa que o debuxo ten que ocupar todo o folio e a letra ten que ser chula e grande, que chame a atención.

CIENCIAS NATUREZA




A que vos saíron cedo as lentellas? O día seguinte xa me estaban xerminando. Como seguro que vos pasou a vos: as follas buscaron o sol e creceron e as raíces chucharon auga do algodón. Nalgunhas épocas do ano, nesta en particular, primavera, saen FLORES

nalgunhas plantas e despois transfórmanse en FROITOS, que son os que conteñen as sementes.

As plantas teñen raíz, talo e follas. Algunhas (non todas) teñen flores e froitos. Algunhas que non teñen flor son moi coñecidas: os fentos, os musgos.

Aquí tedes unha flor, seguro que en casa tamén tedes unha pero de verdade. Esta rosa ten pétalos, as follas que teñen cor nas flores. E tamén ten sépalos que son esas folliñas vedes que están xusto en baixo dos pétalos.



Debuxa ti unha flor e sinala os pétalos, o sépalos, talo e folla. Consulta antes de debuxar as flores en internet e mira través da fiestra a ver se atopas algunha...agora moitas árbores están preciosas coas súas coridas flores.